

PREZOS:

Psicólogos/as GIPCE: 65,00 €

Psicólogos/as GIPCE desempregados/as: 40,00 €

INSCRICIÓN:

Directamente nos locais do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN ES64 2080 0316 23 3040008164 de ABANCA.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca online ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado polo responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e **a tarxeta de demandante de emprego**.

Último día de inscrición: **18 de maio de 2018.**

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

CURSO DE INTERVENCIÓN EN TRAUMA I

25 e 26 de maio de 2018

Docente

Dolores Mosquera Barral

Coordinador

José Ramón García Gómez

Curso recoñecido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia
Nº de expediente: SA301A2018/15-1

DIRIXIDO A:

Membros do GIPCE 112 e GIPCE-COPG.

OBXECTIVOS:

- Coñecer perspectivas actuais sobre o concepto de trauma.
- Identificar as respostas máis comúns en situacións de crise e trauma para intervir, validar e afrontar.
- Afondar nos tipos de trauma desde unha perspectiva actual: trauma simple, trauma complexo, disociación...
- Familiarizarse cos diversos tipos de intervención nos momentos de emerxencia e nas diversas fases do trauma.
- Adquirir coñecementos para a súa aplicación no eido das emerxencias e catástrofes.

METODOLOXÍA:

Seguirase unha liña de traballo teórico-práctica con dinámicas de grupo, interacción docente-alumno/a e discusión de casos prácticos.

PRAZAS: 70

HORARIOS:

- Venres: De 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.
- Sábado: De 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

Acreditaranse 16 horas de formación.

LUGAR:

Facultade de Psicoloxía da USC
Rúa Xosé M^a Suárez Núñez, s/n – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

CONTIDOS DO PROGRAMA

Trauma I

1. Perspectiva histórica do trauma.
2. ¿Qué é trauma? Actualización.
3. Trauma simple e trauma crónico.
4. Particularidades dos recordos traumáticos.
5. Defensas frecuentes fronte ao trauma complexo.
6. Emocións adaptativas e emocións bloqueantes nos procesos de trauma e dó.
7. Procesos disociativos.

Dolores Mosquera Barral (G-2552) é psicóloga colexiada G-2552 e psicoterapeuta especializada en trastornos da personalidade, trauma e disociación. Directora do Instituto para o Estudo do Trauma e dos Trastornos da Personalidade INTRA-TP na Coruña, Santiago e Sada.

Colabora co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero e co Programa de atención psicolóxica a homes con conductas violentas Abramos o Círculo. Tamén coa Rede Nacional de Psicólogos para a Atención a Vítimas do Terrorismo, así como con IPSE.

É unha destacada especialista en terapia EMDR. Recibiu en 2017 o premio David Servan-Schreiber pola súa contribución neste eido.

Conta cunha ampla experiencia docente, impartindo seminarios, obradoiros e conferencias a nivel nacional e internacional. Ten numerosas publicacións sobre trastornos da personalidade, trauma complexo, apego e disociación.